boletín de **ofertas** de **emprego**

Concellaría de Dereitos Sociais, Promocion Económica e Xuventude

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n 15707
Santiago de Compostela
981 543 060
axencialocaldecolocacion@santiagodecompostela.gal

O boletín de ofertas de emprego atópase dispoñible en formato dixital a través da páxina web www.axencialocaldecolocacion.org

Axencia Local de Colocación
Santiago de Compostela

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
INVIERTE EN TU FUTURO

pacto emprego
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ofertas da Comarca de Compostela

ADMINISTRADOR/A LINUX (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Digital Talent Agency Zona Oeste / Santiago de Compostela
Descrición:	Buscas unha oportunidade laboral estable no ámbito das novas tecnoloxías? Zemsania selecciona un/ha Administrador/a de Sistemas Linux para traballar nun proxecto do sector público en Santiago de Compostela. Buscamos unha persoa con experiencia en administración de sistemas, coñecementos de Linux, actitude proactiva, responsabilidade e ganas de aprender e traballar en equipo.
Funcións principais:	
•	Administración e mantemento de sistemas Linux.
•	Soporte e operación de plataformas de máis de 300 servidores.
•	Resolución de incidencias e tarefas de mantemento.
•	Monitorización de infraestruturas.
•	Colaboración con equipos técnicos do sector público.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Superior en Informática ou titulación universitaria relacionada.
•	Experiencia mínima: polo menos 1 ano (valorarase experiencia en plataformas de máis de 300 servidores).
•	Coñecementos de Linux (Rocky Linux / Red Hat).
•	Experiencia en administración de sistemas.
•	Actitude proactiva e capacidade de traballo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Modalidade de traballo híbrida en Santiago de Compostela.
•	Salario: 18.000 € – 23.000 € brutos anuais.
•	Contratación a través de Zemsania.
•	Proxecto estable no sector público.
•	Formación inicial e posibilidades de evolución profesional.
Horario:	Tras un período de formación de 2-3 meses:
•	Unha semana de mañá: de 07:00 a 14:30 horas.
•	Unha semana de tarde: de 14:30 a 22:00 horas.
•	Catro semanas en xornada partida: de 08:00 a 15:00 horas e dúas tardes de 16:00 a 18:30 horas.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/ynxsnntz

SOLDADOR/A (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Temporing / Santiago de Compostela
Descrición:	Dende Temporing seleccionamos un/ha soldador/a para unha destacada empresa situada en Santiago de Compostela. Buscamos unha persoa con experiencia en soldadura, capacidade para interpretar planos e coñecementos de diferentes técnicas de soldadura, responsable e con ganas de traballar e seguir desenvolvéndose profesionalmente.
Funcións principais:	
•	Realización de traballos de soldadura mediante diferentes técnicas: MIG, TIG e electrodo revestido.
•	Montaxe, axuste e ensamblaxe de estruturas metálicas segundo as especificacións técnicas.
•	Interpretación de planos e documentación técnica.
•	Verificación da calidade das soldaduras realizadas.
•	Utilización de ferramentas e equipos de medición para o control de calidade e seguridade.
•	Mantemento básico de maquinaria e ferramentas de soldadura.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Experiencia mínima: polo menos 1 ano.
•	Experiencia demostrable como soldador/a en contornos industriais ou metalúrxicos.
•	Dominio das técnicas de soldadura MIG, TIG e electrodo.
•	Capacidade para interpretar planos e documentación técnica.
•	Valorarase formación específica en soldadura ou metalurxia.
•	Residencia próxima a Santiago de Compostela ou dispoñibilidade para desprazarse.
•	Dispoñibilidade para incorporación inmediata.
O que ofrecemos:	
•	Contrato inicial a través dunha ETT, con posibilidade de incorporación ao cadro de persoal da empresa.
•	Xornada completa.
•	Salario: 24.000 € – 27.000 € brutos anuais.
•	Ambiente de traballo profesional e seguro.
•	Oportunidade de desenvolvemento e formación continua en soldadura e industria metalúrxica.
•	Horario: quendas rotatorias de mañá e tarde.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/yzh8utb8

TÉCNICO/A DE MANTEMENTO E REPARACIÓN (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Hotel A Quinta da Auga / Santiago de Compostela
Descrición:	Buscas unha oportunidade laboral nun hotel de luxo onde cada detalle importa? O Hotel A Quinta da Auga, establecemento de 5 estrelas e membro da asociación Relais & Châteaux, busca incorporar ao seu equipo un/unha técnico/a de mantemento. A persoa seleccionada encargarase de garantir o bo estado e funcionamento das instalacións, anticipándose ás posibles avarías e contribuíndo á calidade do servizo e ao coidado do entorno.
Funcións principais:	
•	Realizar tarefas de mantemento preventivo e correctivo nas habitacións, spa, restaurante, cociña, piscinas e zonas comúns.
•	Detectar avarías e realizar reparacións de electricidade, fontanaría, climatización, carpintaría e equipamento xeral.
•	Coidar e conservar xardíns, terrazas, piscinas e espazos exteriores.
•	Xestionar e atender as incidencias de mantemento con rapidez e discreción.
•	Coordinarse cos distintos departamentos e supervisar as intervencións de provedores externos.
•	Prestar apoio técnico na preparación e montaxe de eventos.
•	Controlar o inventario de equipos e materiais e propoñer melloras de eficiencia enerxética e sustentabilidade.
•	Cumprir as normas de seguridade, prevención de riscos laborais e calidade.
Requisitos mínimos:	
•	Formación profesional de grao medio ou capacitación técnica en electricidade, climatización, frío industrial, mantemento ou especialidades relacionadas.
•	Experiencia mínima de 2 anos en mantemento e no sector.
•	Coñecementos prácticos de instalacións eléctricas, fontanaría, climatización e mantemento xeral.
•	Bo dominio do castelán e do galego.
•	Capacidade de organización, autonomía, iniciativa e resolución de problemas.
•	Responsabilidade, traballo en equipo e atención aos detalles.
•	Valorarase a experiencia en hoteis, o coñecemento de inglés ou francés e o manexo de ferramentas dixitais de xestión de mantemento.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa de 40 horas semanais.
•	Quendas rotativas de luns a domingo, con dous días consecutivos de descanso semanal.
•	Horarios de referencia: mañá de 08:00 a 16:00 h; tarde de 14:00 a 22:00 h; xornada continua ampliada de 09:30 a 20:00 h; ou xornada partida de 09:30 a 13:30 h e de 18:30 a 21:30 h.
•	30 días de vacacións e 16 festivos anuais, segundo a normativa e o calendario laboral.
•	Incorporación a un proxecto hoteleiro consolidado e cun ambiente profesional e colaborativo.
•	Descontos exclusivos no hotel, na asociación Relais & Châteaux e noutros produtos e servizos.
•	Servizo de comedor para o persoal, con produtos locais, ecolóxicos e de tempada.
•	Formación, desenvolvemento profesional e posibilidades de promoción interna.
•	Compromiso coa diversidade, a igualdade e a inclusión.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/4hjshtcx

PROMOTOR/A DE ONG (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Ultreia Fundraising, S.L. / Santiago de Compostela
Descrición:	Ultreia Fundraising busca persoas dinámicas, comunicativas e comprometidas coas causas sociais para colaborar na sensibilización e captación de fondos destinados a UNICEF e á defensa dos dereitos da infancia. O traballo consiste en informar á cidadanía sobre os proxectos solidarios e animar a novas persoas a colaborar. Non é necesaria experiencia previa, xa que a empresa ofrece formación desde o primeiro día.
Funcións principais:	
•	Informar ás persoas sobre o labor social de UNICEF e os seus programas de protección da infancia.
•	Dar a coñecer as campañas e iniciativas solidarias da organización.
•	Sensibilizar á cidadanía sobre a importancia de defender os dereitos dos nenos e nenas.
•	Captar novos socios e colaboradores para apoiar economicamente os proxectos.
•	Atender as persoas interesadas, resolver dúbidas e xestionar posibles obxeccións.
•	Desenvolver accións de promoción

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude

	en centros comerciais, centros de saúde, hospitais e eventos.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Non se require experiencia previa.
•	Coñecemento medio de galego.
•	Habilidades de comunicación e trato co público.
•	Empatía, entusiasmo, actitude positiva e capacidade para traballar en equipo.
•	Persoa extrovertida, con iniciativa e compromiso coas causas sociais.
•	Capacidade de comunicación persuasiva e de captación de colaboradores.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e alta na Seguridade Social desde o primeiro día.
•	Xornada parcial de 22,5 horas semanais, principalmente en horario de mañá e ocasionalmente de tarde.
•	Salario fixo de 830 euros mensuais, independentemente dos resultados.
•	Salario medio indicado pola empresa de 1.200 euros mensuais, incluíndo incentivos.
•	Complementos variables, premios e bonificacións ao longo do mes, sen límite de incentivos.
•	Formación inicial e acompañamento diario por parte do responsable do equipo.
•	Posibilidades de promoción interna e de asumir novas responsabilidades.
•	Bo ambiente de traballo, cooperativo e dinámico.
•	Flexibilidade e compatibilidade cos estudos e coa vida familiar.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/dn7shxzp

TÉCNICO/A DE REDES E INFRAESTRUTURAS INFORMÁTICAS (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Inelcom – Santiago de Compostela
Descrición:	INELCOM, empresa especializada en telecomunicacións e solucións tecnolóxicas, busca incorporar un/unha técnico/a de soporte a infraestruturas informáticas e electrónicas. A persoa seleccionada encargarase de supervisar e manter operativas as infraestruturas de rede e os sistemas tecnolóxicos, contribuíndo a garantir a continuidade dos servizos e a resolver posibles incidencias.
Funcións principais:	
•	Monitorizar e xestionar en remoto as infraestruturas informáticas e de rede.
•	Supervisar o funcionamento dos equipos, sistemas e comunicacións.
•	Detectar, rexistrar e facer seguimento das incidencias ata a súa resolución.
•	Prestar soporte técnico de primeiro nivel en sistemas e redes.
•	Xestionar procesos relacionados co equipamento informático e electrónico.
•	Supervisar a implantación de solucións tecnolóxicas e comprobar o seu funcionamento.
•	Controlar o estado dos sistemas de alimentación asociados ás infraestruturas.
•	Rexistrar incidencias e actuacións nas ferramentas corporativas.
•	Derivar os problemas aos niveis superiores cando sexa necesario.
•	Elaborar informes periódicos sobre o estado das infraestruturas.
•	Coordinarse con outros equipos técnicos e cumprir os protocolos de seguridade.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Superior en Informática, Telecomunicacións, Electrónica ou formación similar.
•	Experiencia mínima dun ano.
•	Coñecementos básicos de redes, sistemas e soporte técnico.
•	Coñecementos de administración, configuración e xestión de redes.
•	Manexo de ferramentas informáticas e sistemas de monitorización.
•	Capacidade de análise e resolución de incidencias.
•	Boa comunicación e capacidade para traballar en equipo.
•	Dispoñibilidade para traballar en quendas rotatorias 24 horas, os 7 días da semana, incluíndo noites, fins de semana e festivos.
•	Valorarase formación superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR).
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido a xornada completa.
•	Estabilidade laboral.
•	Traballo presencial en Santiago de Compostela.
•	Incorporación a un equipo técnico especializado.
•	Participación en proxectos relacionados con infraestruturas tecnolóxicas críticas.
•	Formación continua e posibilidades de desenvolvemento profesional.
•	Sistema de quendas rotatorias 24x7.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/yu57b2pd

TÉCNICO/A XÚNIOR DE ADMINISTRACIÓN PLM (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	P&PD Ingenieros (ATS Global) – Santiago de Compostela
Descrición:	P&PD Ingenieros, en colaboración con ATS Global, busca incorporar un/unha técnico/a xúnior de administración PLM para un proxecto do sector da automoción e da industria de defensa. A persoa seleccionada recibirá formación inicial especializada e, posteriormente, encargarase de dar soporte á plataforma.
Funcións principais:	
•	Atender e clasificar incidencias técnicas, recompilando rexistros e identificando erros de acceso, FMS e caché.
•	Xestionar usuarios, grupos, roles e permisos de acceso.
•	Traballar con BMIDE, configurando elementos, propiedades, listas de valores e despregamentos.
•	Xestionar e manter os fluxos de traballo (workflows).
•	Realizar instalacións nos equipos dos usuarios.
•	Dar soporte á integración de ferramentas CAD, especialmente NX.
•	Probar os cambios nos contornos de test antes da súa implantación.
•	Elaborar documentación técnica e actualizar a base de coñecemento.
•	Impartir sesións de formación interna aos usuarios cando sexa necesario.
Requisitos mínimos:	
•	Grao en Enxeñaría Informática ou formación similar, ou Ciclo Formativo de Grao Superior en Informática de Sistemas.
•	Non se require experiencia profesional previa.
•	Coñecementos básicos de sistemas e aplicacións informáticas.
•	Valorarase formación ou coñecementos de programación e bases de datos.
•	Coñecementos de xestión documental e datos de produto.
•	Nocións de estruturas BOM (listas de materiais) e procesos de enxeñaría.
•	Valorarase coñecemento de ferramentas PLM como Teamcenter, Windchill ou ENOVIA.
•	Tamén se valorarán coñecementos de ferramentas CAD e ERP.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido directamente co cadro de persoal da empresa cliente.
•	Xornada completa e traballo 100 % presencial nas instalacións próximas a Santiago de Compostela.
•	Formación inicial especializada nas instalacións de ATS Global en Miñano (Álava), en modalidade presencial ou híbrida.
•	Gastos de desprazamento, aloxamento e formación inicial cubertos pola empresa.
•	Salario competitivo, adaptado ao mercado e ás competencias da persoa seleccionada.
•	Participación en proxectos tecnolóxicos de longa duración.
•	Posibilidades de crecemento e desenvolvemento profesional nun sector estratéxico.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/yx5k7u56

REPARTIDOR/A EN FURGONETA (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Job&talent – Santiago de Compostela
Descrición:	Job&talent busca repartidores/as en furgoneta para realizar entregas de paquetería en Santiago de Compostela.
Funcións principais:	
•	Cargar, organizar e preparar os paquetes para a súa distribución.
•	Realizar a entrega da paquetería seguindo as rutas asignadas.
•	Xestionar e consultar os percorridos mediante aplicacións móbiles.
•	Atender os clientes durante o proceso de entrega.
•	Garantir que os paquetes se entreguen correctamente e dentro dos prazos establecidos.
Requisitos mínimos:	
•	Permiso de conducir da Unión Europea en vigor.
•	Carné de conducir tipo B cunha antigüidade superior a seis meses.
•	Habilidade e experiencia práctica no manexo de furgonetas.
•	DNI ou permiso de traballo en vigor.
•	Manexo de aplicacións móbiles.
•	Responsabilidade e capacidade para organizar as entregas.
•	Non se require experiencia profesional previa nin estudos mínimos.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal de nove meses.
•	Xornada completa de 38 horas semanais.
•	Horario de luns a domingo, con dous días de descanso semanais.
•	Salario: 9,85 € brutos por hora.
•	Posibilidade de estabilidade laboral nunha empresa en crecemento.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/yc8cndyn

DEPENDENTE/A – VENDEDOR/A (AS CANCELAS) (04-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Cash Converters España – Santiago de Compostela
Descrición:	En Cash Converters apostamos polo mellor talento e, por iso, queremos que te unas ao noso equipo e compartas a nosa paixón pola atención ao cliente; buscamos incorporar un/unha dependente/a-vendedor/a para a súa tenda do centro comercial As Cancelas. A empresa está especializada na compravenda de artigos de segunda man e aposta por un modelo de consumo máis sostible.
Funcións principais:	
•	Atender os clientes e identificar as súas necesidades.
•	Realizar vendas directas e ofrecer asesoramento personalizado sobre os produtos.
•	Comprar artigos de segunda man aos clientes mediante negociación.
•	Comprobar o funcionamento, o estado e a calidade dos produtos antes da súa adquisición.
•	Negociar prezos e chegar a acordos de compra.
•	Xestionar operacións de caixa.
•	Colaborar nas tarefas de almacén e na xestión da tenda en liña (webshop).
•	Apoiar outras áreas da tenda segundo as necesidades do establecemento.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Experiencia previa en postos similares, especialmente en vendas, compras ou atención ao cliente.
•	A oferta indica como requisito imprescindible máis dun ano de experiencia nestas funcións, aínda que na cabeceira aparece unha experiencia mínima de dous anos.
•	Habilidades comerciais e capacidade de negociación.
•	Boa comunicación e facilidade para tratar co público.
•	Persoa dinámica, proactiva, responsable e con capacidade para traballar en equipo.
•	Valorarase coñecemento das distintas familias de produtos e dos seus prezos de mercado.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada parcial en quenda de tarde.
•	24 horas semanais.
•	Incorporación a unha empresa consolidada no sector da compravenda de artigos de segunda man.
•	Formación continua.
•	Posibilidades de desenvolvemento profesional mediante un plan de carreira.
•	Ambiente de traballo colaborativo, inclusivo e orientado á atención ao cliente.
•	Participación nun proxecto empresarial centrado no consumo sostible.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/55h9wpaa

COLABORADOR/A DE TENDA (36 HORAS, SUBSTITUCIÓN) (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	ALDI Supermercados – Santiago de Compostela
Descrición:	ALDI busca incorporar un/unha colaborador/a de tenda para cubrir unha substitución no seu establecemento de Santiago de Compostela. A persoa seleccionada formará parte dun equipo encargado de garantir o correcto funcionamento diario do supermercado, ofrecendo unha boa atención á clientela e colaborando nas distintas tarefas de reposición, caixa e organización da tenda.
Funcións principais:	
•	Colocar e repoñer os produtos nos lineais, garantindo unha presentación adecuada.
•	Atender a clientela e axudala durante o proceso de compra.
•	Realizar operacións de caixa e comprobar que a facturación dos artigos sexa correcta.
•	Colaborar na preparación

	de pedidos (picking).
•	Recibir e colocar a mercadoría.
•	Participar nas tarefas de orde e limpeza do establecemento.
•	Realizar o quentado e a preparación de produtos de forno.
•	Traballar coordinadamente co resto do equipo para garantir o bo funcionamento da tenda.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) rematada.
•	Experiencia mínima dun ano, segundo os datos da cabeceira da oferta.
•	Orientación á atención ao cliente.
•	Responsabilidade, autonomía e capacidade de organización.
•	Capacidade para traballar en equipo.
•	Valorarase ter cursado Formación Profesional Dual na rama de Comercio.
•	Valorarase experiencia previa no sector da distribución e alimentación.
•	Valorarase residir na zona.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal para cubrir unha substitución.
•	Xornada parcial de 36 horas semanais.
•	Incorporación a unha cadea de supermercados consolidada.
•	Posibilidade de desenvolvemento persoal e profesional dentro dun equipo de traballo.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/354ztwwt

CONTROL DE ACCESOS E MANTEMENTO (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Limpiezas Salgado, S.L. – Santiago de Compostela
Descrición:	Limpiezas Salgado busca incorporar persoal para realizar tarefas de control de accesos e mantemento nas instalacións dunha empresa situada en Santiago de Compostela. Trátase dunha oportunidade para persoas dinámicas que queiran iniciarse ou adquirir experiencia neste ámbito, encargándose de controlar as entradas e saídas e colaborar no mantemento das instalacións.
Funcións principais:	
•	Controlar os accesos ás instalacións.
•	Supervisar as entradas e saídas de persoas e vehículos.
•	Realizar tarefas básicas de mantemento.
•	Colaborar no mantemento da orde e do bo funcionamento das instalacións.
•	Utilizar maquinaria cando sexa necesario, respectando as normas de seguridade.
Requisitos mínimos:	
•	Non se esixen estudos mínimos.
•	Experiencia laboral en control de accesos e/ou mantemento.
•	Carné de carretilla elevadora, imprescindible.
•	Persoa dinámica, responsable e con disposición para aprender un novo oficio.
O que ofrecemos:	
•	Contrato para cubrir necesidades ou substitucións, con posibilidade de continuidade.
•	Xornada completa de 40 horas semanais.
•	Horario de luns a venres, de 14:30 a 22:30.
•	Xornada intensiva de tarde.
•	Salario segundo o Convenio de Limpeza.
•	Formación continua no posto.
•	Proceso de selección baseado na igualdade de oportunidades, a diversidade e a inclusión.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2u6r2akd

RESPONSABLE DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS (F&B MANAGER) – HOTEL (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Grupo Solisyon – Hotel en Santiago de Compostela
Descrición:	Grupo Solisyon busca un/unha responsable de Alimentación e Bebidas (F&B Manager) para incorporarse ao equipo dun hotel en Santiago de Compostela. A persoa seleccionada asumirá a dirección e coordinación dos servizos de restauración do establecemento, garantindo a calidade da atención, a organización dos equipos e a rendibilidade do departamento. Trátase dun posto con responsabilidade na xestión diaria de restaurantes, bares, almorzos e eventos.
Funcións principais:	
•	Dirixir e supervisar o funcionamento do departamento de Alimentación e Bebidas do hotel.
•	Coordinar os servizos de almorzos, restaurante, bar e eventos.
•	Organizar os equipos de traballo, distribuír tarefas e elaborar as quendas do persoal.
•	Supervisar a calidade do servizo e o cumprimento dos estándares do hotel.
•	Controlar os custos operativos, os orzamentos, os consumos e as marxes de beneficio.
•	Xestionar pedidos, inventarios, existencias e relacións cos provedores.
•	Garantir o cumprimento das normas de hixiene, seguridade alimentaria e protocolos APPCC.
•	Coordinar a organización de eventos, banquetes e outros servizos de restauración.
•	Atender e resolver incidencias relacionadas co servizo e coa satisfacción da clientela.
•	Analizar os resultados do departamento e propoñer melloras para aumentar a calidade e a rendibilidade.
•	Colaborar coa dirección do hotel e cos demais departamentos.
•	Participar directamente na supervisión dos servizos cando sexa necesario.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio como nivel mínimo de estudos indicado na cabeceira.
•	Experiencia mínima de dous anos.
•	Experiencia previa como responsable de Alimentación e Bebidas, xefe/a de restauración ou en postos similares no sector hoteleiro.
•	Experiencia na organización e coordinación de equipos de sala e restauración.
•	Coñecementos de xestión de almorzos, restaurantes, bares e eventos.
•	Experiencia no control de custos, inventarios e seguimento de orzamentos.
•	Orientación ao cliente e compromiso coa calidade do servizo.
•	Dominio avanzado do español.
•	Valorarase formación en Hostalaría, Turismo, Dirección Hoteleira ou Restauración.
•	Valorarase experiencia en eventos e banquetes, coñecementos de seguridade alimentaria e APPCC, así como manexo de programas informáticos de xestión.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido directamente co hotel.
•	Xornada completa de 40 horas semanais.
•	Salario bruto anual aproximado de 28.000 € a 30.000 €.
•	Posto estable con responsabilidades de dirección e coordinación.
•	Posibilidade de desenvolver a carreira profesional na xestión hoteleira e de restauración.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/56epjsp5

SOLDADOR/A (04-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Sucal Santiago, S.L. – Santiago de Compostela
Descrición:	Sucal Santiago, S.L. busca incorporar soldadores/as con experiencia para reforzar o seu equipo de produción. A empresa precisa profesionais capaces de realizar traballos de soldadura e transformación de pezas metálicas, con autonomía no manexo de maquinaria industrial como a pregadora e a cisalla. A incorporación está prevista de maneira inmediata.
Funcións principais:	
•	Realizar traballos de soldadura seguindo as especificacións técnicas e os planos de fabricación.
•	Preparar, cortar e conformar pezas metálicas.
•	Manexar máquinas pregadoras e cisallas para o corte e dobrado de metais.
•	Interpretar planos técnicos e realizar traballos de caldeiraría media.
•	Comprobar a calidade dos acabados das pezas soldadas.
•	Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e seguridade no posto.
Requisitos mínimos:	
•	Experiencia demostrable de entre dous e tres anos en postos similares.
•	Coñecementos e experiencia práctica en soldadura.
•	Dominio do manexo de pregadora e cisalla.
•	Capacidade para interpretar planos técnicos.
•	Formación acreditada en prevención de riscos laborais (PRL), conforme ao convenio aplicable do sector do metal ou da construción.
•	Persoa meticulosa, proactiva e con capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido, con período de proba.
•	Xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 20.000 € e 28.000 €.
•	Condicións laborais reguladas polo convenio colectivo vixente.
•	Incorporación inmediata.
•	Tres postos vacantes.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/5n8df2rn

TÉCNICO/A XÚNIOR DE PLM (06-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	P&PD Ingenieros (ATS Global) – Santiago de Compostela
Descrición:	P&PD Ingenieros, en colaboración cunha empresa dos sectores da automoción e da industria de defensa, busca un/a técnico/a xúnior de PLM para traballar nun proxecto tecnolóxico situado nunha zona próxima a Santiago de Compostela.
Funcións principais:	
•	Administrar usuarios, grupos e roles na plataforma Teamcenter.
•	Configurar permisos e regras de acceso á información.
•	Prestar soporte técnico e funcional aos usuarios de enxeñaría.
•	Analizar as necesidades dos usuarios e colaborar na súa transformación en solucións informáticas.
•	Participar na configuración de procesos de traballo (workflows), formularios, tipos de datos e interfaces.
•	Colaborar na integración de Teamcenter con sistemas CAD, ERP e outras aplicacións.
•	Supervisar o funcionamento do sistema, revisar rexistros (logs) e resolver incidencias.
•	Dar apoio na instalación de actualizacións, parches e despregamentos.
•	Realizar cargas e tarefas de mantemento dos datos dos produtos.
Requisitos mínimos:	
•	Formación Profesional de Grao Superior en Informática de Sistemas ou titulación similar. Tamén se contempla o Grao en Enxeñaría Informática ou equivalente.
•	Valorarase coñecemento básico de programación, bases de datos e sistemas informáticos.
•	Coñecementos de xestión documental e datos de produtos.
•	Valorarase familiaridade coas estruturas BOM (listas de materiais) e cos procesos de enxeñaría e ciclo de vida dos produtos.
•	Valorarase coñecemento de ferramentas PLM como Teamcenter, Windchill ou ENOVIA, así como de sistemas CAD e ERP.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido directamente co cadro de persoal da empresa cliente.
•	Xornada completa.
•	Salario competitivo, adaptado ao mercado e ás competencias da persoa seleccionada.
•	Formación inicial nas instalacións de ATS Global en Miñano (Álava), en modalidade presencial ou híbrida.
•	Gastos de desprazamento, aloxamento e formación durante esa etapa inicial cubertos pola empresa.
•	Participación en proxectos tecnolóxicos de longo percorrido.
•	Posibilidades de crecemento e desenvolvemento profesional nun sector estratéxico e en expansión.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/y7taz46z

DIRECTOR/A DE TENDA (06-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Antal International Spain – Santiago de Compostela, con mobilidade pola zona norte.
Descrición:	Antal International, consultora especializada na selección de talento, xestiona a incorporación dun/dunha director/a de tenda para unha recoñecida compañía internacional do sector da distribución comercial. Trátase dun posto de alta responsabilidade, orientado á dirección de grandes establecementos, ao liderado de equipos numerosos e á mellora dos resultados comerciais e operativos.
Funcións principais:	
•	Dirixir e supervisar o funcionamento xeral da tenda.
•	Liderar grandes equipos e estruturas organizativas complexas.
•	Desenvolver o talento dos responsables e potenciar o rendemento do persoal.
•	Controlar os indicadores comerciais

	(KPIs) e analizar os resultados.
•	Definir e aplicar medidas para mellorar a rendibilidade e o funcionamento do establecemento.
•	Optimizar os recursos e garantir unha boa experiencia de cliente.
•	Impulsar melloras organizativas e procesos de cambio.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Experiencia mínima dun ano.
•	Traxectoria consolidada en postos de dirección de tendas ou xestión dentro do sector da distribución.
•	Experiencia en supermercados, hipermercados, grandes superficies ou negocios con estruturas operativas similares.
•	Capacidade demostrada para liderar grandes equipos e desenvolver responsables.
•	Experiencia na xestión de indicadores comerciais (KPIs) e na mellora de resultados.
•	Visión comercial e estratéxica, capacidade de organización e resolución de problemas.
•	Dispoñibilidade para asumir mobilidade xeográfica pola zona norte.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Traballo presencial, con mobilidade pola zona norte.
•	Incorporación a unha compañía internacional de referencia.
•	Posto con elevado grao de autonomía, responsabilidade e influencia nos resultados do negocio.
•	Posibilidades de evolución e promoción profesional dentro do grupo.
•	Participación nun proxecto estratéxico con responsabilidade sobre grandes equipos e establecementos.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/5n6cd7kc

ELECTRICISTA (09-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Efiloga S.L. – Santiago de Compostela
Descrición:	EFILOGA S.L., empresa especializada en instalacións eléctricas e proxectos de obra nova e rehabilitación, busca incorporar oficiais electricistas de primeira, segunda e terceira categoría para ampliar o seu equipo de traballo. As persoas seleccionadas participarán en instalacións e reparacións eléctricas en edificios residenciais, centros sanitarios, colexios e instalacións industriais.
Funcións principais:	
•	Executar instalacións eléctricas de baixa tensión en obras novas e reformas.
•	Realizar tarefas de mantemento e reparación de instalacións eléctricas.
•	Montar e conectar cadros eléctricos, canalizacións, cableados e elementos de protección.
•	Realizar probas finais, verificacións e comprobacións de funcionamento e seguridade.
•	Interpretar planos e esquemas eléctricos.
•	Cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e os protocolos de calidade.
•	Colaborar coa xefatura de obra e coa oficina técnica.
•	Xestionar e controlar os materiais e ferramentas necesarios no lugar de traballo.
Requisitos mínimos:	
•	Experiencia mínima de 2 anos en instalacións eléctricas.
•	Formación obrigatoria en prevención de riscos laborais: curso específico de 20 horas (primeiro ciclo) ou curso de nivel básico de 60 horas.
•	Coñecementos de electricidade, instalacións de baixa tensión e sistemas eléctricos.
•	Capacidade para traballar de maneira autónoma e resolver incidencias.
•	Responsabilidade e capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal de duración determinada.
•	Xornada completa.
•	Horario continuado de 08:00 a 16:00 horas.
•	Salario bruto anual entre 21.000 e 36.000 €, segundo convenio e con complementos adaptados á experiencia e responsabilidades.
•	Incorporación a un equipo profesional, novo e dinámico.
•	Seis vacantes dispoñibles.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2x8rns85

PROFESIONAIS DE REPARACIÓNS NO FOGAR: FONTANEIROS/AS, CARPINTEIROS/AS DE MADEIRA E CRISTALEIROS/AS (07-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	HomeServe Asistencia – Santiago de Compostela
Descrición:	HomeServe Asistencia busca profesionais autónomos ou pequenas empresas especializadas en reparacións no fogar para ampliar a súa rede de colaboradores en Santiago de Compostela. A selección está dirixida principalmente a fontaneiros/as, carpinteiros/as de madeira e cristaleiros/as, aínda que tamén se valorarán outros oficios relacionados co mantemento e a reparación de vivendas. A colaboración permite incorporarse á rede dunha empresa especializada na asistencia doméstica.
Funcións principais:	
•	Realizar traballos de reparación no fogar dentro da especialidade profesional correspondente.
•	Atender os servizos e intervencións que lle sexan asignados.
•	Desenvolver os traballos de maneira autónoma e responsable.
•	Prestar servizos de fontanería, carpintería de madeira ou cristalería, segundo a especialidade.
•	Colaborar con HomeServe na atención das necesidades de reparación dos seus clientes.
Requisitos mínimos:	
•	Estar dado/a de alta no réxime de traballadores autónomos ou desenvolver a actividade a través dunha pequena empresa.
•	Experiencia mínima dun ano no sector.
•	Carné de conducir.
•	Dispoñer de vehículo propio.
•	Capacidade para traballar de maneira autónoma e responsable.
O que ofrecemos:	
•	Colaboración mediante contrato de autónomo.
•	Posibilidade de incorporarse á rede profesional dunha compañía consolidada no sector da asistencia no fogar.
•	Acceso a unha rede de colaboración con profesionais de diferentes especialidades.
•	Cinco vacantes dispoñibles.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/ckdcavpb

ADMINISTRATIVO/A DE LOXÍSTICA (07-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	TIR COMPOSTELA S.L. – Santiago de Compostela
Descrición:	TIR COMPOSTELA S.L. busca incorporar un/a administrativo/a de loxística con dominio avanzado do alemán para o seu departamento de operacións e cadea de subministración. A persoa seleccionada actuará como enlace entre a empresa, os clientes, os provedores e os colaboradores dos mercados de fala alemá.
Funcións principais:	
•	Xestionar administrativamente as operacións loxísticas e de transporte.
•	Tramitar e facer seguimento dos pedidos.
•	Xestionar albaráns e documentación relacionada cos envíos.
•	Manter a comunicación cos clientes, provedores e colaboradores de fala alemá.
•	Colaborar na xestión de compras e subministracións.
•	Realizar tarefas de seguimento e control da trazabilidade das mercancías.
•	Coordinarse co departamento de operacións e cadea de subministración.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Nivel moi alto de alemán, C1/C2 ou nativo, imprescindible para a comunicación diaria.
•	Dominio do español.
•	Experiencia en administración loxística, cadea de subministración (supply chain) ou atención ao cliente internacional.
•	4 anos de experiencia mínima.
•	Coñecementos de xestión de pedidos, albaráns, transporte, almacéns, compras e trazabilidade.
•	Capacidade de organización, iniciativa e habilidades de comunicación.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 20.000 e 24.000 €.
•	Incorporación ao departamento de operacións e cadea de subministración.
•	Oportunidade de traballar nun contorno profesional con relacións comerciais internacionais.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/468mwrkm

Ofertas de Galicia

ADMINISTRATIVO/A (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	GADISA / Betanzos (A Coruña)
Descrición:	Buscas unha oportunidade laboral para desenvolver a túa carreira profesional nunha empresa consolidada? En GADISA seleccionamos persoal administrativo para incorporarse ao equipo de Servizos Centrais en Betanzos. Buscamos persoas organizadas, responsables e meticulosas, con capacidade de análise, iniciativa e ganas de aprender e medrar profesionalmente.
Funcións principais:	
•	Xestión, revisión e rexistro de documentación administrativa.
•	Xestión e revisión de facturas de provedores.
•	Tramitación e control de documentación.
•	Realización de tarefas administrativas propias do departamento.
•	Colaboración nos diferentes procesos de xestión administrativa.
Requisitos mínimos:	
•	Estudos mínimos: Grao universitario, preferentemente en ADE, Economía, Empresariais ou disciplinas afíns.
•	Tamén se valorará Ciclo Formativo de Grao Superior, especialmente en Administración e Finanzas.
•	Coñecementos de ferramentas ofimáticas, especialmente Excel.
•	Capacidade de organización, planificación e atención ao detalle.
•	Iniciativa, responsabilidade, actitude proactiva e capacidade de adaptación.
•	Habilidades de comunicación e traballo en equipo.
•	Motivación por aprender e desenvolver unha carreira profesional.
•	Valorarase experiencia previa, aínda que tamén se aceptan persoas recentemente tituladas.
O que ofrecemos:	
•	Incorporación a unha empresa consolidada e en crecemento.
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Formación continua e promoción interna.
•	Beneficios sociais do Colectivo Mundogadisa.
•	Horario: De luns a venres, de 08:00 a 16:30 horas.
•	30 minutos de descanso.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/bd7bn26k / https://empleo.gadisa.es

TÉCNICOS/AS FRIGORISTAS E MONTADORES/AS DE CONDUTOS HVAC (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Nuriclima Galicia, S.L. / Betanzos (A Coruña)
Descrición:	Nuriclima Galicia, S.L. busca incorporar 5 profesionais para reforzar os seus equipos de montaxe en proxectos nacionais e internacionais. Precísanse técnicos/as frigoristas e montadores/as de condutos HVAC, con dispoñibilidade para viaxar e traballar no estranxeiro.
Funcións principais:	
•	Montaxe e instalación de sistemas de frío industrial e climatización.
•	Instalación e suxeición de condutos HVAC.
•	Posta en marcha das instalacións.
•	Execución de instalacións técnicas en obras.
•	Resolución e seguimento de incidencias.
•	Cumprimento dos procedementos de calidade e seguridade.
Requisitos mínimos:	
•	Carné de conducir B.
•	Experiencia ou formación relacionada co posto.
•	Dispoñibilidade para viaxar ao estranxeiro.
•	Capacidade para traballar en equipo e en contornas industriais.
•	Valorarase a experiencia en instalacións de frío industrial e montaxe de condutos HVAC.
•	Valorarase ter coñecementos de soldadura, fontanaría e electricidade, así como experiencia en contornas industriais ou siderometalúrxicas.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e

	xornada completa.
•	Formación continua e desenvolvemento profesional.
•	Participación en proxectos internacionais de primeiro nivel.
•	Salario de entre 25.000 e 30.000 euros brutos anuais.
•	Dietas, desprazamentos e condicións económicas asociadas ao traballo en obra.
•	A empresa asume todos os gastos dos desprazamentos internacionais, incluídos viaxes, aloxamento e dietas.
•	Posibilidade de desenvolver unha carreira profesional nun grupo empresarial en crecemento.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3c83xhs4

ENFERMEIRO/A – DUE CENTRO RESIDENCIAL DOMUSVI (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	DomusVi / Oleiros (A Coruña)
Descrición:	DomusVi busca incorporar un/unha enfermeiro/a ao seu centro residencial de Oleiros. A empresa ofrece a posibilidade de formar parte dun equipo interdisciplinar, nun entorno centrado no coidado, a empatía, o respecto e a atención de calidade ás persoas residentes.
Funcións principais:	
•	Realizar valoracións de enfermaría nos ingresos das persoas residentes e as revisións periódicas.
•	Preparar e administrar medicamentos seguindo as prescricións médicas.
•	Realizar coidados paliativos e administrar a medicación correspondente.
•	Validar os plans de coidados, curas, alimentación e tratamento farmacolóxico xunto co equipo interdisciplinar.
•	Actualizar os historiais das persoas residentes, rexistrando as pautas e a súa evolución.
•	Proporcionar apoio moral e psicolóxico ás persoas residentes e atender as consultas das familias.
•	Supervisar os coidados realizados polo persoal auxiliar.
•	Realizar probas de INR, controlar a coagulación e efectuar os axustes de dose pautados polo persoal médico.
Requisitos mínimos:	
•	Diplomatura ou grao en Enfermaría.
•	Experiencia mínima dun ano.
•	Valorarase a experiencia en centros sociosanitarios, hospitais ou residencias.
•	Capacidade de traballo en equipo, comunicación interpersoal e planificación.
•	Responsabilidade, iniciativa, organización e orientación á atención das persoas.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Quendas rotativas de mañá (08:00–15:00 h) e tarde (15:00–22:00 h).
•	Ambiente de traballo baseado no respecto, a colaboración e o apoio mutuo.
•	Medidas orientadas á conciliación laboral e ao benestar.
•	Formación continua, beneficios sociais e posibilidades de desenvolvemento profesional.
•	Incorporación a unha empresa consolidada no sector sociosanitario.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/bsx288fm

SUPERVISOR/A DE TELEASISTENCIA (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Atenzia / Fene (A Coruña)
Descrición:	Atenzia busca unha persoa con capacidade de liderado e organización para asumir a supervisión do seu servizo de teleasistencia en Fene. A súa misión será coordinar o persoal, distribuír as tarefas e asegurar que as chamadas e alertas reciban unha resposta eficaz. Un posto con responsabilidade no que será fundamental saber dirixir equipos e ofrecer unha atención próxima e de calidade ás persoas usuarias.
Funcións principais:	
•	Colaborar na planificación, organización e supervisión do traballo do equipo na quenda asignada.
•	Coordinar o persoal e garantir unha correcta distribución dos postos de traballo.
•	Xestionar a formación, o desenvolvemento e a motivación do equipo.
•	Supervisar a atención das chamadas e alarmas, garantindo un trato adecuado ás persoas usuarias.
•	Asegurar a activación inmediata dos recursos necesarios en situacións de emerxencia.
•	Coordinarse coa área de Operacións para garantir o correcto funcionamento do servizo.
•	Colaborar na elaboración de informes e no seguimento da actividade.
•	Supervisar o funcionamento técnico do sistema de teleasistencia.
•	Transmitir os valores e a cultura da organización ao equipo e ás persoas usuarias.
•	Entregar e xestionar documentación laboral do persoal, como contratos, nóminas e comunicacións.
Requisitos mínimos:	
•	Titulación universitaria en Traballo Social.
•	Experiencia mínima de 3 anos, preferiblemente en servizos sociosanitarios ou de teleasistencia.
•	Capacidade para coordinar, organizar e supervisar equipos de traballo.
•	Habilidades de liderado, comunicación e resolución de conflitos.
•	Capacidade para tomar decisións e actuar ante situacións de emerxencia.
•	Boas aptitudes de planificación, organización e traballo en equipo.
•	Orientación á atención das persoas usuarias e compromiso coa calidade do servizo.
•	Valorarase formación específica en xestión de equipos ou liderado.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Posto estable como responsable da coordinación e supervisión dun equipo de teleasistencia.
•	Participación na organización das quendas, distribución de tarefas e seguimento da actividade diaria.
•	Responsabilidade na coordinación da atención de chamadas e alarmas, así como na xestión de incidencias e emerxencias.
•	Colaboración coa área de Operacións e participación na elaboración de informes e control do servizo.
•	Oportunidade de desenvolver funcións de liderado nunha empresa de referencia no sector sociosanitario.
•	Posibilidades de crecemento e desenvolvemento profesional.
•	Seguro médico privado con ASISA, acceso á aplicación iSalud, plataforma Wellwo e descontos mediante Corporate Benefits.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/msx5d23e

TCAE – AUXILIAR SOCIOSANITARIO/A (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Fundación Hospitalarias Betanzos / Ferrol
Descrición:	Fundación Hospitalarias Betanzos busca incorporar persoal auxiliar sociosanitario e de enfermaría ao seu centro de Ferrol. A oferta está orientada a persoas con vocación de coidado e atención ás persoas, que queiran traballar nun entorno asistencial, prestando apoio nas actividades cotiás e contribuíndo ao benestar das persoas usuarias. Trátase dunha contratación de longa duración, con posibilidades de incorporación definitiva ao cadro de persoal.
Funcións principais:	
•	Proporcionar atención e coidados integrais ás persoas usuarias do centro.
•	Axudar nas comidas e na alimentación diaria.
•	Acompañar e prestar apoio nas actividades cotiás e nas terapias.
•	Realizar cambios posturais e mobilizacións das persoas usuarias.
•	Colaborar no control e seguimento da medicación.
•	Cubrir rexistros e realizar o seguimento dos plans individualizados de atención.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Formación como TCAE, auxiliar de enfermaría, certificado de atención sociosanitaria, Integración Social ou titulación similar.
•	Non se require experiencia previa, aínda que se valorará a experiencia en postos similares.
•	Dispoñibilidade para incorporación inmediata.
•	Vocación de atención e coidado das persoas.
•	Capacidade de traballo en equipo, responsabilidade e empatía.
O que ofrecemos:	
•	Contrato de duración determinada e xornada completa.
•	Contrato de longa duración, con posibilidade de incorporación definitiva ao cadro de persoal.
•	Traballo presencial nun centro asistencial de Ferrol.
•	Oportunidade de desenvolver funcións de atención directa, coidados e acompañamento das persoas usuarias.
•	Incorporación a unha entidade comprometida coa diversidade, a inclusión e a igualdade de oportunidades.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2sa5k7f3

COMERCIAL – ZONA GALICIA (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Lontana Group / A Coruña (con ámbito de traballo en toda Galicia)
Descrición:	Lontana Group, grupo empresarial familiar con máis de 75 anos de experiencia no sector industrial, busca incorporar un/unha comercial externo/a para desenvolver a súa actividade en Galicia. A empresa está especializada en produtos metálicos, parafusaría e sistemas de fixación, e conta cunha ampla presenza internacional. A persoa seleccionada encargarase de xestionar a carteira de clientes, detectar novas oportunidades de negocio e impulsar as vendas na súa zona.
Funcións principais:	
•	Planificar e organizar visitas comerciais á carteira de clientes asignada.
•	Identificar as necesidades dos clientes e ofrecer produtos, tarifas e solucións adaptadas.
•	Xestionar as accións derivadas das visitas, como ofertas, pedidos e solicitudes de información.
•	Atender e asesorar os clientes sobre produtos, servizos e solucións industriais.
•	Realizar o seguimento comercial e contribuír ao cumprimento dos obxectivos de venda.
•	Analizar os resultados e detectar posibles desviacións dos orzamentos, propoñendo medidas correctoras.
•	Investigar o mercado e identificar novos clientes e oportunidades de negocio.
•	Participar na definición das condicións comerciais e na actualización de prezos.
•	Apoiar o equipo comercial interno na resolución de incidencias técnicas.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Superior.
•	Experiencia comercial mínima dun ano.
•	Coñecementos de vendas e relacións con clientes.
•	Capacidade de negociación, comunicación e asesoramento profesional.
•	Habilidades para captar novos clientes e xestionar contas comerciais.
•	Orientación ao cumprimento de obxectivos e resultados.
•	Capacidade de organización, planificación e autonomía.
•	Valorarase a experiencia no sector industrial e na negociación con grandes superficies.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Posto de comercial externo/a con ámbito de actuación en toda Galicia.
•	Modalidade de traballo híbrida.
•	Estabilidade laboral nun grupo empresarial internacional consolidado.
•	Formación continua e oportunidades de desenvolvemento profesional.
•	Entorno de traballo respectuoso, con políticas de conciliación da vida persoal e profesional.
•	Incorporación a unha empresa comprometida coa igualdade de oportunidades e o crecemento responsable.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/5ywmw6kr

MECÁNICO/A DE AUTOMÓBILES (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Feu Vert / A Coruña
Descrición:	Feu Vert busca incorporar un/unha mecánico/a ao seu taller de A Coruña para realizar traballos de reparación, mantemento e instalación de accesorios en vehículos. A persoa seleccionada integrarase nun equipo técnico especializado, realizando tanto operacións de mecánica rápida como reparacións de maior complexidade. A empresa ofrece estabilidade laboral, formación continua e posibilidades de promoción profesional.
Funcións principais:	
•	Montar e instalar recambios e accesorios do automóbil.

•	Realizar operacións de mecánica rápida, como cambio de pneumáticos, aceite e filtros.
•	Executar reparacións de mecánica pesada, como embragues e distribucións.
•	Realizar tarefas de mantemento e revisión dos vehículos.
•	Detectar e solucionar avarías mecánicas e eléctricas.
•	Garantir a correcta execución das reparacións e o funcionamento dos vehículos.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio en Electromecánica ou Grao Superior en Automoción.
•	Experiencia mínima de 6 meses, aínda que na ficha da oferta se indica un ano.
•	Residencia na zona do posto de traballo.
•	Coñecementos avanzados de mecánica, electricidade e mantemento do automóbil.
•	Capacidade para traballar en equipo e responsabilidade no desenvolvemento das tarefas.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 18.000 e 20.000 euros.
•	Bonus por cumprimento de resultados.
•	Incorporación inmediata.
•	Formación continua nas novas tecnoloxías e prestacións mecánicas.
•	Posibilidades reais de promoción e desenvolvemento profesional.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/y4vjj33t

TÉCNICO/A SUPERIOR EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Quirónprevención / A Coruña
Descrición:	Quirónprevención busca incorporar un/unha técnico/a superior en prevención de riscos laborais para a súa delegación da Coruña. A persoa seleccionada traballará principalmente con empresas do sector da construción, asesorando en materia de prevención e garantindo a correcta integración das medidas de seguridade e saúde nos centros de traballo. É unha oportunidade para formar parte dunha compañía de referencia, con recursos técnicos avanzados e posibilidades de desenvolvemento profesional.
Funcións principais:	
•	Xestionar a integración da prevención de riscos laborais na carteira de clientes do sector da construción.
•	Analizar os requisitos preventivos e asesorar as empresas no seu cumprimento.
•	Elaborar avaliacións de riscos, plans de prevención e planificación de medidas preventivas.
•	Preparar documentación sobre medidas de emerxencia, integración preventiva e memorias técnicas.
•	Deseñar e impartir accións formativas en prevención de riscos laborais.
•	Elaborar documentación de información sobre riscos laborais (IRL).
•	Planificar e realizar medicións e avaliacións específicas.
•	Redactar informes técnicos e desenvolver outras tarefas propias da especialidade.
Requisitos mínimos:	
•	Titulación universitaria en Enxeñaría, Enxeñaría Técnica, Arquitectura ou Arquitectura Técnica.
•	Formación superior en prevención de riscos laborais coas tres especialidades ou curso de coordinador/a de seguridade e saúde de 200 horas, segundo a guía do INSST e o RD 1627/1997.
•	Experiencia en prevención de riscos laborais no sector da construción.
•	Carné de conducir e vehículo propio.
•	Experiencia mínima dun ano.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e xornada completa.
•	Horario de luns a venres, de 07:30 a 15:15 h, con flexibilidade na entrada e na saída.
•	Plan de desenvolvemento profesional e formación especializada.
•	Apoio técnico dunha estrutura de máis de 2.500 profesionais a nivel nacional e internacional.
•	Asesoramento xurídico e acceso a ferramentas tecnolóxicas avanzadas.
•	30 días laborables de vacacións e os días 24 e 31 de decembro non laborables.
•	Melloras nos permisos retribuídos e axudas económicas para situacións especiais, saúde e estudos.
•	Plan de pensións, seguro de vida e accidentes e retribución flexible.
•	Acceso ao Hospital Dixital de Quirónsalud, consultas gratuítas de psicoloxía e actividades de benestar.
•	Formación continua, promoción interna e posibilidades de mobilidade nacional e internacional.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/mr2wzncd

DEPENDENTE/A DE XOIERÍA – CAMPAÑA DE NADAL (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Luxenter / Vigo (Pontevedra)
Descrición:	Luxenter, firma especializada en xoiería cunha ampla presenza en tendas multimarca, establecementos propios e franquías, busca incorporar persoal para a súa campaña de Nadal no centro ECI de Vigo.
Funcións principais:	
•	Atender, asesorar e orientar os clientes na elección dos produtos de xoiería.
•	Coñecer as características dos artigos para ofrecer información adecuada.
•	Crear unha experiencia de compra agradable e fomentar a fidelización da clientela.
•	Colocar e presentar os produtos seguindo as normas de merchandising da empresa.
•	Colaborar no cumprimento dos obxectivos de venda.
•	Controlar e xestionar o stock.
•	Manter a orde e limpeza do punto de venda.
•	Realizar o arqueo e control da caixa.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Experiencia mínima dun ano en venda polo miúdo ou atención ao cliente.
•	Dispoñibilidade para incorporación inmediata.
•	Dispoñibilidade para traballar en quendas rotativas.
•	Valóranse as habilidades comunicativas, a actitude positiva, a capacidade para traballar en equipo e o interese por aprender.
O que ofrecemos:	
•	Contrato de duración determinada para a campaña de Nadal.
•	Xornada parcial de 20 horas semanais.
•	Traballo presencial no centro ECI de Vigo.
•	Horario en quendas rotativas.
•	Incentivos económicos mediante unha porcentaxe sobre os obxectivos de venda.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2e4n4uua

AUXILIAR DE RECURSOS HUMANOS – ESPECIALISTA EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Gold Center Capital Sociedad Limitada / Vigo
Descrición:	Gold Center Capital busca incorporar unha persoa ao seu departamento de Recursos Humanos, cunha especial dedicación á prevención de riscos laborais. O posto combina o control e seguimento da documentación preventiva coa colaboración nas tarefas administrativas de persoal.
Funcións principais:	
•	Xestionar e actualizar a documentación relacionada coa prevención de riscos laborais (PRL).
•	Coordinarse co Servizo de Prevención Alleo.
•	Facer o seguimento dos recoñecementos médicos e da vixilancia da saúde.
•	Organizar a formación e información dos traballadores en materia de PRL.
•	Controlar as avaliacións de riscos e a planificación preventiva.
•	Xestionar a documentación do persoal e a coordinación de actividades empresariais (CAE).
•	Dar apoio nas tarefas administrativas e nas distintas xestións do departamento de Recursos Humanos.
Requisitos mínimos:	
•	Titulación universitaria de grao.
•	Experiencia mínima de tres anos en departamentos de Recursos Humanos, especialmente en prevención de riscos laborais.
•	Coñecementos sólidos en PRL; valórase formación específica nesta materia.
•	Manexo de ferramentas ofimáticas.
•	Capacidade de organización, planificación e resolución de problemas.
•	Responsabilidade, iniciativa e boas habilidades comunicativas.
•	Capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido desde o primeiro día.
•	Xornada completa, de luns a venres.
•	Horario de 09:00 a 18:00 horas.
•	Incorporación inmediata.
•	Estabilidade nunha empresa consolidada e con perspectivas de futuro.
•	Integración nun equipo profesional e posibilidades de desenvolvemento laboral.
•	Traballo presencial en Vigo.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/4h9zw23h

OPERARIOS/AS DE LIMPEZA E MANIPULACIÓN DE PEIXE – CAMPAÑA DE LANGOSTINO (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Nortempo / Moaña (Pontevedra), zona do Morrazo
Descrición:	Nortempo selecciona persoal para incorporarse o venres 13 de novembro a unha empresa galega do sector da alimentación, dedicada ao produto do mar. A campaña require operarios/as para realizar tarefas de limpeza e apoio á produción de peixe e produtos conxelados. Non se esixe experiencia previa, polo que pode ser unha oportunidade para persoas que conten coa formación necesaria e teñan dispoñibilidade para traballar na quenda de tarde.
Funcións principais:	
•	Realizar tarefas de limpeza e manipulación de peixe e produtos do mar.
•	Participar nos procesos de elaboración e produción.
•	Controlar que os procesos produtivos se desenvolvan correctamente, seguindo os procedementos establecidos.
•	Apoiar na preparación e acondicionamento da materia prima.
•	Colaborar na recollida e preparación do produto terminado.
Requisitos mínimos:	
•	Certificado de manipulador/a de alimentos en vigor.
•	Dispoñibilidade para incorporarse o 13 de novembro.
•	Dispoñibilidade para traballar en quenda fixa de tarde.
•	Non se require experiencia previa.
•	Valórase experiencia en empresas do sector alimentario.
•	Valórase dispoñer de vehículo propio ou residir nas proximidades de Moaña.
O que ofrecemos:	
•	Salario de entre 1.500 e 1.600 € brutos mensuais.
•	Contrato temporal a xornada completa durante a campaña.
•	Posibilidade de continuidade na empresa segundo o rendemento e o desempeño.
•	Incorporación prevista para o venres 13 de novembro.
•	Quenda fixa de tarde, de luns a venres, de 14:00 a 22:00 horas.
•	Traballo nunha empresa do sector do peixe conxelado cunha longa traxectoria en Galicia.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/yp6d3u6j

OPERARIOS/AS DE PRODUCIÓN – QUENDA DE NOITE (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	ManpowerGroup Talent Solutions – RPO / Stellantis Vigo
Descrición:	ManpowerGroup selecciona operarios/as para incorporarse directamente ao cadro de persoal de Stellantis Vigo, unha das principais instalacións da industria da automoción en Galicia. As persoas contratadas traballarán nas distintas áreas de produción da fábrica, participando na montaxe de vehículos e compoñentes e cumprindo os estándares de calidade e seguridade establecidos.
Funcións principais:	
•	Ensamblar e montar os diferentes compoñentes dos vehículos.
•	Realizar tarefas propias das distintas áreas e talleres de produción.
•	Manter os estándares de calidade e seguridade durante o proceso de fabricación.
•	Colaborar no correcto funcionamento das liñas e procesos produtivos.
Requisitos mínimos:	
•	Ter rematada a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou contar con estudos superiores, como Bacharelato ou Formación Profesional.
•	A titulación deberá acreditarse mediante o título ou certificado académico final. Admítese a acreditación da EXB para persoas nadas ata 1983 inclusive.
•	Dispoñibilidade para traballar en quendas de fin de semana e festivos.
•	Dispoñibilidade para realizar unha

	formación previa á incorporación, de luns a venres, dentro dun programa en colaboración coa Xunta de Galicia.
•	Non se require experiencia previa.
•	Valóranse estudos de FP relacionados coa automoción, electromecánica, carrozaría, electricidade, electrónica, mecatrónica ou mantemento industrial.
•	Valórase experiencia en tarefas de habilidade manual, manexo de carretilla ou tren loxístico, así como dispoñer de carné de conducir.
•	Valórase contar cun certificado de discapacidade.
O que ofrecemos:	
•	Contratación directa por Stellantis Vigo, a través deste proceso de selección.
•	Contrato de duración determinada.
•	Salario indicado na oferta: máis de 20.000 € anuais.
•	Traballo presencial nas instalacións da fábrica de Vigo.
•	Formación previa á incorporación en colaboración coa Xunta de Galicia.
•	Posibilidade de acceder ao sector da automoción sen experiencia profesional previa.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2fvp5ddc

OPERARIO/A DE PRODUCIÓN – SALA DE FABRICACIÓN CÁRNICA (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Portalconsa SL / O Porriño (Pontevedra)
Descrición:	Portalconsa busca incorporar unha persoa para a súa sala de fabricación de produtos cárnicos no Porriño. O traballo desenvolverase en quenda nocturna e estará centrado na preparación, elaboración e envasado de alimentos como salchichas, chourizos e criollos. A persoa seleccionada formará parte dun equipo de produción no que serán fundamentais o cumprimento das normas de hixiene, seguridade alimentaria e calidade.
Funcións principais:	
•	Manipular e preparar produtos cárnicos para a súa elaboración.
•	Elaborar produtos como salchichas, chourizos, criollos e outros derivados.
•	Manexar maquinaria específica da industria cárnica.
•	Realizar o envasado, etiquetaxe e paletizado dos produtos terminados.
•	Limpar e manter ordenado o posto de traballo.
•	Cumprir os procedementos de hixiene e seguridade alimentaria.
Requisitos mínimos:	
•	Valórase experiencia previa na industria alimentaria, especialmente no sector cárnico, aínda que non é imprescindible.
•	Dispoñibilidade para traballar en quenda nocturna.
•	Ser unha persoa responsable, organizada, dinámica e comprometida co traballo.
•	Capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Traballo presencial no Porriño.
•	Quenda de traballo nocturna.
•	Incorporación a un equipo dedicado á fabricación e elaboración de produtos cárnicos.
•	Oportunidade de aprender e adquirir experiencia no manexo de maquinaria e procesos da industria alimentaria.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3rz8yfyk

XESTOR/A DE BANCA COMERCIAL (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Gago y Souto Financial Services SL / Tomiño (Pontevedra)
Descrición:	Gago y Souto Financial Services busca unha persoa para incorporarse á súa axencia bancaria en Tomiño.
Funcións principais:	
•	Atender e asesorar os clientes sobre produtos e servizos bancarios.
•	Comercializar produtos financeiros e bancarios adaptados ás necesidades da clientela.
•	Xestionar operacións e servizos relacionados coa actividade bancaria.
•	Informar sobre créditos, pagamentos e outros produtos financeiros.
•	Colaborar no cumprimento dos obxectivos comerciais da axencia.
Requisitos mínimos:	
•	Titulación universitaria de grao.
•	Experiencia mínima dun ano.
•	Experiencia previa no sector bancario e/ou asegurador.
•	Perfil comercial e orientación á atención ao cliente.
•	Capacidade para traballar con autonomía e responsabilidade.
•	Actitude proactiva.
•	Valóranse coñecementos de banca electrónica, xestión de efectivo, créditos, pagamentos, análise de riscos e comercialización de produtos financeiros.
O que ofrecemos:	
•	Contrato de duración determinada.
•	Xornada completa.
•	Retribución bruta segundo o perfil e a experiencia, conforme ao convenio de Oficinas e Despachos.
•	Incentivos trimestrais vinculados ao cumprimento dos obxectivos comerciais.
•	Posibilidades reais de evolución e desenvolvemento profesional.
•	Traballo presencial na axencia bancaria de Tomiño.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/d3m76tse

SUBXERENTE DE BURGER KING (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Burger King Spain S. L. U. / Ribadeo (Lugo)
Descrición:	Burger King busca un/unha subxerente para o seu restaurante de Ribadeo, que colaborará na organización e supervisión do establecemento. Será unha figura de apoio á xerencia, encargada de coordinar o persoal, controlar a actividade diaria e garantir que se cumpran os estándares de atención ao cliente, calidade e seguridade alimentaria. A compañía ofrece estabilidade laboral e un plan de carreira con posibilidades de promoción interna.
Funcións principais:	
•	Atender os clientes e xestionar os cobros na caixa.
•	Supervisar as quendas e a organización do persoal.
•	Controlar o efectivo e os movementos de caixa do establecemento.
•	Facer seguimento dos obxectivos diarios de vendas.
•	Garantir o cumprimento dos estándares de calidade, hixiene e seguridade alimentaria.
•	Controlar as datas de caducidade e as temperaturas dos produtos.
•	Preparar e supervisar os pedidos para consumo no local, recollida e entrega a domicilio.
•	Xestionar a reposición e o control do stock.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) como formación mínima desexable.
•	Experiencia mínima de dous anos; búscase experiencia como encargado/a, preferiblemente no sector da restauración.
•	Coñecementos de TPV, caixa e control de existencias.
•	Valórase o manexo de Office e ferramentas ofimáticas.
•	Dispoñibilidade horaria completa para traballar en quendas rotativas.
•	Facilidade para desprazarse ata o restaurante.
•	Orientación ao cliente, capacidade de organización e habilidade para traballar en equipo.
•	Interese por aprender e desenvolver funcións de responsabilidade.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Horario en quendas rotativas.
•	Plan de carreira con posibilidades de promoción a xerente, potencialmente en pouco máis dun ano, segundo o cumprimento do plan e a existencia de vacantes.
•	Retribución flexible con opcións como restaurante, transporte e gardaría.
•	Descontos e promocións en produtos e servizos do grupo RB Europe.
•	Oportunidades de formación e desenvolvemento profesional nunha empresa en expansión.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/mt8waked

CAPTADOR/A COMERCIAL – SECTOR DA AUTOMOCIÓN (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Flexicar / Lugo
Descrición:	Flexicar, empresa especializada na compra e venda de vehículos de ocasión e cunha ampla rede de concesionarios en España, busca incorporar un/unha profesional comercial para o seu centro de Lugo. A persoa seleccionada participará na captación e valoración de vehículos para a súa compra, así como no asesoramento a clientes interesados en adquirir un coche.
Funcións principais:	
•	Buscar oportunidades de mercado para captar vehículos de ocasión.
•	Atender as persoas interesadas en vender o seu coche e realizar unha primeira valoración coa colaboración do equipo central de taxadores.
•	Asesorar os clientes na elección do vehículo que mellor se adapte ás súas necesidades.
•	Comercializar os vehículos dispoñibles no concesionario.
•	Xestionar chamadas telefónicas recibidas e realizadas.
•	Facer o seguimento dos clientes e das operacións comerciais.
•	Colaborar co resto do equipo de vendas do concesionario.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Experiencia mínima dun ano en venda polo miúdo.
•	Perfil comercial e orientación á consecución de obxectivos.
•	Interese polo sector da automoción.
•	Dispoñibilidade para traballar en horario comercial, de luns a sábado.
•	Habilidades de comunicación, negociación e atención ao cliente.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 21.000 e 48.000 €, composto por unha parte fixa e outra variable segundo resultados.
•	Formación continua.
•	Bo ambiente laboral, nun equipo novo, dinámico e colaborativo.
•	Posibilidades de desenvolvemento profesional nunha empresa en expansión.
•	Traballo presencial no concesionario de Lugo.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2stvdjb9

ÓPTICO/A OPTOMETRISTA (HORARIO INTENSIVO) (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Óptica & Audiología Universitaria / Lugo
Descrición:	Óptica & Audiología Universitaria, compañía con máis de 30 anos de experiencia no sector da óptica e a audioloxía e máis de cen centros propios en España, busca un/unha óptico/a optometrista para o seu novo establecemento de Lugo.
Funcións principais:	
•	Realizar as probas optométricas e revisións visuais correspondentes.
•	Asesorar os clientes na elección de monturas e lentes graduadas segundo as súas necesidades.
•	Garantir unha atención profesional e homoxénea no gabinete óptico.
•	Organizar e repoñer o material necesario para as consultas.
•	Realizar cobros e operacións de caixa.
•	Coidar a imaxe, a orde e a presentación da tenda e do gabinete.
Requisitos mínimos:	
•	Diplomatura ou Grao en Óptica e Optometría.
•	Experiencia mínima dun ano.
•	Persoa proactiva, dinámica e organizada.
•	Capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido e estabilidade laboral.
•	Xornada completa.
•	Horario intensivo rotativo, con sábados libres alternos.
•	Bo ambiente de traballo.
•	Plan de carreira e formación técnica continuada.
•	Descontos especiais nos produtos da empresa.
•	Revisións periódicas do desempeño e definición de obxectivos de desenvolvemento.
•	Beneficios sociais e retribución flexible para gastos de saúde, comida, transporte ou gardaría.
•	Traballo presencial no novo centro de Lugo.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/45ysm3ed

XESTOR/A DE ALUGUEIRO DE CUARTOS E VIVENDAS (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Proyectea Inverlasa Sociedad Limitada / Lugo
Descrición:	Proyectea, grupo especializado en investimento inmobiliario e xestión de propiedades, busca unha persoa para encargarse da administración dos cuartos e vivendas que xestiona en Lugo. O posto combina atención ao público, tarefas comerciais e organización práctica dos inmobles. A persoa seleccionada será o punto de contacto cos posibles inquilinos e cos residentes, asegurándose de que os alugueiros funcionen correctamente e de que as vivendas se manteñan en boas condicións.
Funcións principais:	
•	Crear, publicar e actualizar anuncios de cuartos en portais inmobiliarios como Idealista.
•	Atender chamadas e mensaxes

	de persoas interesadas, resolver dúbidas e facer seguimento das solicitudes.
•	Organizar e realizar visitas ás vivendas, explicando as condicións do alugueiro.
•	Coordinar as entradas e saídas dos inquilinos, incluíndo a entrega e recollida de chaves.
•	Comprobar o estado dos cuartos e das zonas comúns.
•	Realizar pequenas tarefas de limpeza cando sexa necesario.
•	Detectar incidencias e coordinar as reparacións e tarefas de mantemento.
•	Xestionar e actualizar a información sobre dispoñibilidade, reservas, entradas, saídas e incidencias.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Ser unha persoa responsable, organizada, resolutiva e con iniciativa.
•	Bo trato coas persoas e facilidade de comunicación.
•	Capacidade para xestionar varias tarefas e resolver incidencias con autonomía.
•	Manexo básico de ordenador, correo electrónico e aplicacións dixitais.
•	Dispoñibilidade para desprazarse aos inmobles cando sexa necesario.
•	Carné de conducir e vehículo propio.
•	Valórase experiencia en atención ao cliente, alugueiros, recepción, mantemento de vivendas ou postos similares.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido a tempo parcial, inicialmente a media xornada.
•	Posibilidade de ampliar a xornada a tempo completo.
•	Horario flexible, organizado segundo as visitas e as necesidades do servizo.
•	Modalidade híbrida, combinando teletraballo coas tarefas presenciais nas vivendas.
•	Autonomía na organización do traballo, con obxectivos e responsabilidades definidos.
•	Posibilidade de asumir novas funcións e responsabilidades segundo medre a actividade da empresa.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2w96am5m

XESTOR/A COMERCIAL DE SEGUROS CON POSIBILIDADE DE ABRIR OFICINA PROPIA (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Occident / Lugo
Descrición:	Occident, compañía con ampla traxectoria no sector asegurador e presenza en todo o territorio nacional, busca incorporar unha persoa con iniciativa comercial para desenvolver a súa actividade na provincia de Lugo.
Funcións principais:	
•	Captar novos clientes e desenvolver oportunidades de negocio na provincia de Lugo.
•	Informar e asesorar sobre os produtos e servizos aseguradores.
•	Identificar as necesidades dos clientes e propoñer solucións adaptadas.
•	Xestionar a carteira de clientes e fomentar a súa fidelización.
•	Realizar accións comerciais e de prospección para abrir novos mercados.
•	Facer seguimento das oportunidades e traballar para acadar os obxectivos establecidos.
•	Xestionar e utilizar as redes sociais como apoio á actividade comercial.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Residencia na provincia de Lugo.
•	Valórase experiencia en atención ao cliente, vendas ou xestión comercial.
•	Habilidades de comunicación e relación cos clientes.
•	Capacidade para traballar por obxectivos, iniciativa e orientación aos resultados.
•	Valórase experiencia en venda proactiva, apertura de novos mercados e xestión de redes sociais.
O que ofrecemos:	
•	Ingresos brutos anuais estimados entre 20.000 e 30.000 €, con parte fixa e incentivos por obxectivos.
•	Formación inicial e continua a cargo da empresa.
•	Plan de carreira con posibilidades de promoción interna e evolución cara á dirección dunha oficina.
•	Posibilidade de desenvolver un proxecto profesional con futura apertura dunha oficina propia.
•	Flexibilidade horaria para facilitar a conciliación persoal e laboral.
•	Modalidade híbrida, con opción de teletraballo.
•	Acompañamento e apoio continuado da dirección territorial.
•	Seguimento individualizado do desenvolvemento profesional.
•	Acceso a programas de formación e certificacións no sector asegurador.
•	Integración nun equipo dinámico, con bo ambiente laboral e actividades corporativas.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/92c45yyt

TRABALLADOR/A SOCIAL (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Asociación Española Contra el Cáncer – O Barco de Valdeorras (Ourense)
Descrición:	A Asociación Española Contra el Cáncer busca incorporar un/unha traballador/a social para atender e acompañar persoas con cancro e as súas familias. A persoa seleccionada integrarase nun equipo multidisciplinar e participará en actuacións de apoio social, orientación e xestión de recursos, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos pacientes e do seu contorno familiar.
Funcións principais:	
•	Realizar o triaxe e o diagnóstico social das persoas atendidas.
•	Desenvolver intervencións sociais, laborais e familiares.
•	Buscar e crear recursos sociais adaptados ás necesidades dos pacientes.
•	Xestionar axudas económicas e material ortoprotésico.
•	Coordinar actuacións con outras entidades e administracións públicas.
•	Aplicar e desenvolver o modelo de traballo social da Asociación.
•	Coordinar e xestionar o piso de acollida.
Requisitos mínimos:	
•	Diplomatura ou Grao en Traballo Social.
•	Experiencia mínima dun ano en funcións similares.
•	Coñecemento dos recursos sociais dispoñibles na zona de actuación.
•	Valorarase un máster en intervención social e formación complementaria en habilidades sociais, traballo en equipo, xestión de programas sociais e control emocional.
•	Valorarase certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal dun ano.
•	Xornada parcial de 30 horas semanais, segundo a descrición da oferta.
•	Horario de mañá de luns a venres, con dúas tardes de 16:00 a 18:00; tamén se indica unha distribución alternativa de catro días de 9:00 a 14:00 e un día de 9:00 a 19:00.
•	Salario bruto anual de entre 27.000 € e 28.000 €.
•	Traballo presencial en O Barco de Valdeorras.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3xv8zkxj

XESTOR/A COMERCIAL – ZONA GALICIA, LEÓN, ZAMORA E VALLADOLID (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	BdB – Ourense
Descrición:	BdB, grupo especializado no sector dos materiais de construción e nas centrais de compras, busca incorporar un/unha xestor/a comercial para desenvolver a súa actividade en Galicia, León, Zamora e Valladolid. A súa misión será ampliar a rede de asociados e fortalecer a relación cos establecementos que xa forman parte do grupo, contribuíndo ao seu crecemento e consolidación comercial.
Funcións principais:	
•	Captar novos asociados e presentarlles o funcionamento, os servizos e os valores do grupo.
•	Visitar e atender os asociados actuais para coñecer as súas necesidades e favorecer a súa fidelización.
•	Informar sobre accións, proxectos e servizos da empresa.
•	Xestionar e analizar a información do CRM.
•	Propoñer estratexias de expansión e fidelización xunto co equipo comercial.
•	Realizar estudos de mercado e recompilar información sobre a competencia.
•	Manter comunicación periódica coa persoa responsable da zona.
•	Participar, cando sexa necesario, en feiras, xornadas corporativas e eventos do sector.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio ou formación media ou superior relacionada coa xestión comercial, o márketing ou áreas similares.
•	Experiencia mínima de tres anos nun posto comercial semellante.
•	Experiencia no sector dos materiais de construción, almacéns ou centrais de compras.
•	Dispoñibilidade para viaxar frecuentemente.
•	Valorarase experiencia na análise e xestión de ferramentas CRM.
•	Capacidade de comunicación, escoita activa, organización, planificación e iniciativa.
•	Empatía, autocontrol, adaptación e capacidade para traballar en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido a xornada completa.
•	Salario bruto anual de 30.000 €.
•	Retribución variable adicional en función dos obxectivos.
•	Modalidade de traballo híbrida.
•	Unha vacante, sen persoal ao cargo.
•	Posto con ámbito territorial amplo e desprazamentos frecuentes, que poden ocupar aproximadamente o 75 % do tempo de traballo.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3zbm3baa

CONTABLE (03-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Antegalia S.L. – Xinzo de Limia (Ourense)
Descrición:	ANTEGALIA S.L., empresa do sector dos servizos xurídicos, busca incorporar un/unha contable para reforzar o seu departamento financeiro e administrativo. A persoa seleccionada encargarase de manter a información económica da empresa actualizada e fiable, colaborando cos equipos de administración e fiscalidade e garantindo o cumprimento das obrigas contables e tributarias.
Funcións principais:	
•	Rexistrar e analizar as operacións financeiras da empresa.
•	Xestionar e manter actualizados os libros contables.
•	Elaborar e revisar asentos contables.
•	Realizar conciliacións contables e bancarias.
•	Xestionar a facturación e controlar os rexistros de ingresos.
•	Participar nos peches contables mensuais e anuais.
•	Preparar as contas anuais e os informes financeiros.
•	Colaborar na xestión das obrigas e dos trámites fiscais.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Superior en Administración e Finanzas ou formación equivalente.
•	Experiencia mínima de dous anos en funcións contables similares.
•	Coñecementos de contabilidade xeral e financeira.
•	Manexo de libros e asentos contables, facturación e peches contables.
•	Coñecementos de conciliacións bancarias, contas anuais e administración fiscal.
•	Atención ao detalle, rigor e capacidade de traballo en equipo.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido a xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 19.000 € e 24.000 €.
•	Traballo presencial en Xinzo de Limia.
•	Incorporación a un equipo próximo e colaborativo.
•	Posibilidade de aprendizaxe continua e desenvolvemento profesional en áreas como o control interno, a análise financeira e a xestión fiscal.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/44kehb9c

TÉCNICO/A DE CAPTACIÓN DE FONDOS (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Asociación Española Contra el Cáncer – A Coruña
Descrición:	A Asociación Española Contra o Cancro busca incorporar unha persoa con perfil comercial para impulsar a colaboración con empresas e entidades da provincia da Coruña. O obxectivo do posto é conseguir novos recursos económicos e fortalecer as relacións con colaboradores, contribuíndo a manter e ampliar o apoio que a asociación presta ás persoas con cancro e ás súas familias.
Funcións principais:	
•	Identificar novas oportunidades de colaboración con empresas e entidades.
•	Establecer e manter relacións con empresas, asociacións empresariais e colexios profesionais.
•	Deseñar e desenvolver campañas de captación de fondos e fidelización.

•	Organizar eventos solidarios e actividades de recadación.
•	Impulsar accións de captación a través de medios dixitais e redes sociais.
•	Xestionar subvencións públicas e preparar a súa xustificación.
•	Manter actualizada a base de datos de colaboradores e iniciativas de captación.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Superior, preferentemente en Xestión Comercial, Márketing, Relacións Públicas ou áreas relacionadas.
•	Polo menos un ano de experiencia en actividade comercial ou captación de fondos.
•	Capacidade para establecer relacións con empresas e entidades e conseguir novos recursos.
•	Perfil comercial orientado ao ámbito empresarial (B2B), con iniciativa e proactividade.
•	Valorarase a experiencia en captación de fondos, desenvolvemento de negocio, organización de eventos, relacións institucionais, medios dixitais e redes sociais.
•	Capacidade de coordinación con diferentes áreas e equipos da asociación.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal.
•	Xornada parcial do 75 %, de luns a venres, de 9:00 a 15:00 h.
•	Retribución bruta anual entre 18.000 e 19.000 €.
•	Xornada intensiva durante o verán.
•	Retribución flexible.
•	Dispoñibilidade para asistir a eventos cando sexa necesario.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/ywskcxff

DEPENDENTE/A DE SUPERMERCADO (REFORZO DE FIN DE SEMANA) (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Externa – Cabo de Cruz, Boiro (A Coruña)
Descrición:	Unha empresa do sector da alimentación busca incorporar persoal para traballar nun supermercado situado en Cabo de Cruz, no municipio de Boiro. A través de Grupo Externa, selecciónanse persoas con experiencia en tarefas de caixa e reposición, para reforzar o servizo e garantir unha boa atención á clientela.
Funcións principais:	
•	Atender e asesorar os clientes.
•	Ordenar e colocar a mercadoría.
•	Repoñer os produtos nos lineais.
•	Realizar cobros na caixa.
•	Efectuar o arqueo de caixa.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Polo menos un ano de experiencia como caixeiro/a e repoñedor/a.
•	Dispoñibilidade para traballar de luns a venres e tamén as fins de semana.
•	Residir preto do centro de traballo.
•	Dispoñibilidade para incorporarse de maneira inmediata.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal a través dunha ETT.
•	Posibilidade de incorporación posterior ao cadro de persoal da empresa.
•	Condicións laborais segundo o convenio colectivo aplicable.
•	Acceso ao programa de beneficios Externa Club Benefits.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3pcp33bs

OPERARIO/A DE EMPAQUETADO (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	EULEN Flexiplan – Coreti, Bergondo (A Coruña)
Descrición:	EULEN Flexiplan selecciona persoal para incorporarse á empresa Coreti, especializada no seu sector, como operario/a de empaquetado. O posto está orientado á preparación e acondicionamento de bobinas de etiquetas, á xestión de pedidos e ao control de existencias. Búscase unha persoa organizada e metódica, capaz de manter a orde e a limpeza no espazo de traballo.
Funcións principais:	
•	Empaquetar e paletizar bobinas de etiquetas segundo as especificacións de cada cliente.
•	Preparar e controlar os produtos antes do seu envío.
•	Pechar e entregar os partes de fabricación finalizados.
•	Preparar pedidos de venda de produtos en stock.
•	Actualizar e controlar as existencias do almacén.
•	Realizar o inventario mensual de etiquetas.
•	Manter a fábrica ordenada e limpa mediante a metodoloxía 5S.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Polo menos un ano de experiencia laboral.
•	Experiencia demostrable en empaquetado, paletizado e control físico de existencias.
•	Coñecementos de reconto de inventarios e xestión de albarás de fabricación.
•	Capacidade de organización e mantemento da orde e limpeza.
•	Valorarase experiencia coa metodoloxía 5S.
•	Vehículo propio para desprazarse ao centro de traballo, especialmente para a quenda de mañá.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal inicial a través de EULEN Flexiplan (ETT).
•	Posibilidade de incorporación estable e contrato indefinido directamente con Coreti.
•	Xornada completa.
•	Quendas fixas rotativas: mañá, de 7:00 a 15:00 h, e tarde, de 15:00 a 23:00 h.
•	Salario indicado na descrición: 9,75 € brutos por hora.
•	Retribución bruta anual publicada: entre 19.000 e 21.000 €.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/3u26n6ct

PERSOAL DE LIMPEZA E LAVANDARÍA – RESIDENCIA BOUCO A CORUÑA (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Bouco Galicia – Grupo emeis, A Coruña
Descrición:	O Grupo emeis, entidade internacional especializada na atención a persoas maiores e dependentes, busca incorporar persoal de limpeza e lavandería para a súa residencia Bouco da Coruña. A persoa seleccionada encargarase principalmente das tarefas de lavandería, baixo a supervisión do/a gobernante/a, contribuíndo a manter unhas condicións adecuadas de hixiene, orde e benestar para os residentes.
Funcións principais:	
•	Realizar as tarefas propias da lavandería da residencia.
•	Lavar, secar e preparar a roupa e os téxtiles.
•	Manter a orde e a limpeza das instalacións e das zonas de traballo relacionadas co posto.
•	Seguir as indicacións do/a gobernante/a e os procedementos establecidos.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Valorarase a experiencia en limpeza de residencias de maiores ou en lavandería.
•	Ganas de aprender e asumir responsabilidades.
•	Capacidade de traballo en equipo, empatía e iniciativa.
•	Motivación e interese polo posto.
•	Incorporación inmediata.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal.
•	Xornada completa, de luns a domingo, con descansos rotatorios.
•	Horario de 10:00 a 22:00 h, en quenda partida.
•	Salario bruto anual de 17.094 € para xornada completa.
•	Complemento adicional por domingos e festivos.
•	Formación continua específica durante todo o ano.
•	Programa de descontos para empregados/as e familiares.
•	Posibilidades de desenvolvemento profesional dentro dunha empresa en expansión.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/28773ssh

MOZO/A DE ALMACÉN TEXTIL (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Randstad – Arteixo (A Coruña)
Descrición:	Unha empresa de produción téxtil situada en Arteixo, con máis de 40 anos de traxectoria, busca incorporar persoal para traballar no seu almacén. A oferta está dirixida a persoas sen experiencia previa que queiran iniciarse no sector téxtil e aprender as distintas tarefas de preparación e manipulación de prendas, con posibilidades de continuidade durante a campaña.
Funcións principais:	
•	Etiquetar as prendas.
•	Colocar os dispositivos de seguridade ou alarmas nas pezas.
•	Dobrar e preparar a roupa.
•	Preparar os pedidos para o seu envío.
Requisitos mínimos:	
•	Non se esixen estudos nin experiencia previa.
•	Dispoñibilidade de incorporación inmediata.
•	Dispoñibilidade para traballar nunha destas modalidades:
•	Quenda fixa de mañá, cun sistema de 6 días de traballo e 3 de descanso, incluíndo fins de semana.
•	Quenda de mañá ou tarde, de luns a venres.
•	Vehículo propio (coche ou moto) ou residencia en Arteixo.
O que ofrecemos:	
•	Contratos fixos descontinuos desde o primeiro día, con renovacións quincenais.
•	Posibilidade de renovación continuada durante toda a campaña.
•	Salario segundo o convenio colectivo aplicable.
•	Xornada completa.
•	Ambiente de traballo dinámico.
•	Seguimento personalizado durante a incorporación.
•	Posibilidade de acceder a futuras oportunidades laborais a través de Randstad.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/2h7zcpn4

OFICIAIS/AS DE OBRA (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	ABECONSA – A Coruña
Descrición:	ABECONSA abre un proceso de selección para ampliar o seu equipo de construción na Coruña. Busca oficiais e oficiaisas con experiencia en diferentes tipos de obras, desde pequenas reformas e tarefas de mantemento ata a execución de edificios residenciais. A empresa ofrece estabilidade laboral e condicións retributivas complementadas con beneficios adicionais.
Funcións principais:	
•	Executar traballos de reforma e obra nova.
•	Realizar tarefas de mantemento correctivo e preventivo.
•	Utilizar ferramentas manuais e maquinaria propias do oficio.
•	Cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Polo menos un ano de experiencia no sector da construción.
•	Formación en prevención de riscos laborais (PRL) específica do oficio.
•	Permiso de conducir B.
•	Residencia na Coruña ou arredores.
•	Persoa proactiva, organizada e con capacidade para traballar en equipo.
Valorarase:	
•	Formación en PRL de 60 horas.
•	Coñecementos de materiais de construción e mantemento.
•	Manexo de maquinaria e ferramentas especializadas.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 22.000 e 24.000 €.
•	Retribución fixa máis variable.
•	Dietas.
•	Retribución flexible, con opcións como seguro médico e axudas para gardaría.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/m9nztm93

ESPECIALISTA EN VENDAS DE AUTOMOBILES (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Pérez Rumbao – A Coruña
Descrición:	O Grupo Pérez Rumbao busca incorporar un/a especialista comercial para representar a marca EBRO no seu concesionario da Coruña. A empresa aposta por unha persoa con iniciativa e orientación comercial, que saiba asesorar a clientela e acompañala durante todo o proceso de compra. A experiencia no sector da automoción será especialmente valorada, aínda que tamén se consideran candidaturas procedentes doutros ámbitos comerciais.
Funcións principais:	
•	Atender as persoas que visiten o concesionario e identificar as súas necesidades.
•	Asesorar sobre a gama de vehículos EBRO, explicando as súas características e vantaxes.
•	Organizar probas de condución.
•	Xestionar oportunidades comerciais e realizar o seguimento dos potenciais clientes.
•	Preparar ofertas e propostas comerciais.
•	Negociar e acompañar o cliente ata o peche da venda.
•	Desenvolver e fidelizar a carteira de clientes.
•	Participar nas accións comerciais do concesionario e contribuír ao cumprimento dos obxectivos.
Requisitos mínimos:	
•	Ciclo Formativo de Grao Medio.
•	Polo menos un ano de experiencia en vendas e atención ao cliente.

•	Boa capacidade de comunicación e de establecer relacións de confianza.
•	Habilidades de negociación e orientación a resultados.
•	Iniciativa, organización e autonomía.
•	Interese polo mundo do automóbil e disposición para coñecer a marca e os seus produtos.
•	Permiso de conducir B.
•	Valorarase especialmente a experiencia comercial no sector da automoción.
O que ofrecemos:	
•	Contrato indefinido.
•	Xornada completa.
•	Salario bruto anual de entre 21.000 e 40.000 €.
•	Incorporación ao Grupo Pérez Rumbao, empresa consolidada no sector da automoción.
•	Participación nun proxecto de crecemento vinculado á marca EBRO.
Solicitudes/ contacto:	https://tinyurl.com/bddayphu

MOZO/A DE ALMACÉN CON CARRETILLA ELEVADORA (05-11-2026)

Oferta publicada en:	Infojobs
Entidade/localidade:	Corporación Voz de Galicia – Distribuidora Gallega de Publicaciones, Arteixo (A Coruña)
Descrición:	Distribuidora Gallega de Publicaciones precisa incorporar persoal para o seu centro loxístico de Arteixo, destinado á recepción, almacenamento e preparación de pedidos, principalmente de material editorial. A empresa busca unha persoa con experiencia en almacén, coidadosa na manipulación da mercadoría e con dispoñibilidade para traballar maioritariamente en horario nocturno.
Funcións principais:	
•	Recibir, colocar e almacenar a mercadoría.
•	Empaquetar os produtos, principalmente publicacións e material editorial.
•	Preparar os pedidos coidando os detalles para evitar erros nos envíos.
•	Manexar a transpaleta manual.
•	Utilizar a carretilla elevadora como apoio nas tarefas de almacén.
Requisitos mínimos:	
•	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
•	Polo menos un ano de experiencia en almacén.
•	Experiencia na preparación de pedidos e manipulación de mercadorías.
•	Manexo fluído da transpaleta manual.
•	Dispoñibilidade para traballar en quenda nocturna.
•	Valorarase ter o carné de carretillero/a en vigor.
•	Valorarase a experiencia con produtos editoriais.
O que ofrecemos:	
•	Contrato temporal.
•	Xornada intensiva, principalmente en quenda de noite.
•	Salario bruto mensual de entre 1.500 e 1.800 €.
